

Os rostros da realidade

Unha mesma historia e dúas narracións paralelas achegan ao lector unha visión panorámica dunha realidade tinguida de cotidianidade e amosa que a relación entre as persoas pode ser moi sinxela ou extremadamente complexa dependendo da vontade con que cada un vexa as cousas.

Fina Caslderrey escribe para mozos *A lagoa das nenas mudas* e Edicións Xerais de Galicia publica o texto na colección “Sopa de Libros” con ilustracións de Patricia Castelao.

Ante a inminente chegada de Amina ao colexio os alumnos do 4º curso de Primaria manifestan o seu nerviosismo de diferentes formas; non todos os días se produce un feito coma este e tamén os mestres, don Ignacio o titor e Sara a de inglés, se encargan de alimentar a tensión facendo referencia ao país do que procede e relatando por entregas unha interesante aventura ambientada en Lagos-Nixeria, poboación da que vén a nova alumna. Cando a chegada é xa un feito, distintas van ser as reaccións dos compañeiros e curiosos os cambios de parecer que experi-

Empregar a palabra sinxela



MARÍA NAVARRO

menta algún rapaz non acostumado a poñer en práctica valores



transmitidos con seguridade na escola.

Chegar a un lugar estraño no que se descoñece ata o idioma semella duro para unha rapaza que atopará en Ío unha interpretación para os seus medos e no seu curmán Edu un refuxio a distancia para as súas penas e alegrías.

A través do narrador nuns casos e das cartas de Amina noutros coñecemos as dúas caras dunha realidade quizais complexa, quizais idílica, pero en calquera caso real e como tal moi próxima aos destinatarios do libro que ollarán reflectidos no relato comportamentos e pensamentos de si mesmos ou doutros compañeiros no microuniverso que supón a súa aula. En calquera caso é bo que nada lles sexa alleo e que formulen posicións encontradas nun momento e diferentes despois ao dárense conta de que tanto aquí coma noutros lugares as persoas teñen pareceres similares.

Por outra banda, o emprego da palabra sinxela e clara e o mantemento da expectación sobre o que vai acontecer, aseguran un bo tempo de lectura.

CASALDERREY, Fina, *A lagoa das nenas mudas* (ilustr. Patricia Castelao), Ed. Xerais, Vigo, 2007, 122 páxinas.